

PREGÓN DA FEIRA DO LIBRO EN CANGAS -2008

Amigas e amigos, non sei dicir aquí senón palabras abertas coma soles cara o mar das recaladas nesta hora amorosiña coma un beizo que se abre e nutre a oralidade das benvidas á Casa da ledicia, ao acougo e á mornura, ao tempo do lecer, que arestora é xullo en día vintetrés como será en outono, en xaneiro e marzo: esas tantas singraduras en festa para que a vida medre, sexa farta e camiñe ou vogue nas avenidas do discurso oral como terapia, como privilexio para o conto e para o canto, que aquí na beiramar é sempre orgullo nas voces que se alzan. Ese canto que aínda está e vai comigo coma aquelas primeiras veces de arribada a Cangas: rúas e bares, tabernas, baiucas, furanchos, abrigho da intemperie debaixo dos balcóns de cada casa, en cada ruela: fileiras de voces en marmurio ou solfa, vitalismo, nunca silencio en día e horas. Porque sodes, amigas e amigos, unha maré de voces, o barco sellado de historias e pentagramas.

Velaí a miña primeira salutación nesta apertura da Feira do Libro: os parabéns por tanto son galego, este balbudio que nos honra en palabreiros do confín, creadores de por vida, por tantas voces recalando nestas pedras máis antigas do Morrazo, dende o Santuario do Facho ata o cimo do Xaxán e Chan da Arquíña, Hermelo, as vistas panorámicas. E arestora aquí en pé de pedra nesta alameda vella que quixo ir larpendo mar de vagariño para os espazos de convívios entre as casas de patín e as dornas, entre as voces da infancia e os ecos das cantigas que se alzan cos viños de Donón e Cela e remontan Paralaia cabo do mar que empeza en San Simón ata beber en río da montaña de lonxe.

Son as palabras de vivir contra os silencios, a oralidade aprehendida en tantos anos, a resistencia da Lingua e da Fala. Porén hoxe estou aquí, por vez primeira en 36 anos de viciño, de xeito distinto, case protocolario, coma unha sorte que me entregan os Libreiros de Galicia, para a salutación dos Libros, que son a miña sorte en vida, a mantenza deste louco que quere ser parente das páxinas, comeán e bebedor a un tempo da Literatura

universal, onde a Galega está no corazón que son de alcance. Nunca houbo ruína nas nosas Letras, aínda que poidera semellar que a fartura é pouca, que a competencia é grande, que somos sempre menos, domesticados no infortunio de non ter normalizada esta situación de Ler e de Escribir en Soños Grandes. E sempre a culpa, e case sempre a deserción, a retirada, o despedida, a impotencia de soñar en verbo de Nai Pai, aprehendido na mornura familiar. E pasa o tempo e chega abril e maio, e xa en xullo de arestoras temos Libros Nossos que cantan e rin e informan e son teatro para o mundo nas distancias dos quilómetros e das millas, dos mares e dos océanos. Unha sorte máxica, por acaso María Soliña ou Catalina ou a Raíña Marcela ou Berobeo na danza luminosa da Soavela, obraron, intermediaron, decidiron vida para os Libros de Galicia, tanta coma as voces incendiarias desta causa de nos ver ao lonxe con orgullo, nos liceos, nas universidades do aquí e do alén mar, nos petos e nas ánimas dos tantos lectores e lectoras que nos atenden nas sendistancias. É unha fortuna maior estarmos hoxe aquí, en medras, convivindo coas Linguas do mundo neste eirado do Sinal da Vida.

Velaí vos deixo hoxe nesta pousa da Alameda Vella de Cangas, lugar dos meus paseos con María, os fillos, a xente que me escoita e fala, o facho luminoso da esperanza, a mellor luz para as entregas da oralidade e da escrita de Galicia. En cada caseta con sombreiro que garda da intemperie hai un libro aberto, un corazón con neno, a ledicia e o pranto, a marabilla das Palabras. Pasádeo sempre ben e lede moito, que nunca manca.

Xosé Vázquez Pintor

Cangas, 23 de xullo 2008